

# 2020

Informe Xeral Anual

INSTITUTO TECNOLOXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA

# 2020

# Informe xeral anual da actividade desenvolvida polo INTECMAR

# Índice


1 *Presentación.* 4
2 *Resume da actividade.* 8
2.1 Análises realizadas 8
2.2 Informes e resolucións de seguridade alimentaria 9
2.3 Control das condicións oceanográficas 10
2.4 Comunicacións 10
2.5 Actividade desenvolvida durante o período de estado de alarma 11
2.6 Duración dos peches por biotoxinas das zonas de produción 14
2.7 Cambios na clasificación microbiolóxica das zonas durante o ano. 22
2.8 Control da Depuración de Moluscos nas zonas de Reinstalación 23
2.9 Estudos Sanitarios 25
2.10 Plans de Continxencias por contaminación mariña accidental 26
2.11 Visitas 26
2.12 Persoal en formación 28
3 *Proxectos de investigación.* 29
4 *Recursos económicos.* 30
5 *Recursos humanos.* 30
5.1 Relación do persoal por Unidades 31
5.2 Contratación de persoal temporal 34

# 1 Presentación.

Creado por Lei no ano 2004 como Ente Público, o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR), constitúe o instrumento oficial da Comunidade Autónoma de Galicia, para o control da calidade do medio mariño, contribuíndo á súa protección e mellora, e a aplicación das disposicións legais en materia de control técnico-sanitario dos produtos do mar.

A súa actividade céntrase en facer o seguimento, o control e a investigación da calidade ambiental das augas costeiras de Galicia, en especial no que se refire a:

a) **Seguridade alimentaria**, mediante o control da calidade do medio mariño e a aplicación das disposicións legais en materia de control técnico-sanitario dos produtos do mar, nomeadamente do Regulamento de execución (UE) 2019/627 da Comisión, de 15 de marzo 2019, polo que se establecen disposicións prácticas uniformes para a realización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano, de conformidade co Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello, e polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 2074/2005 da Comisión, no que respecta aos controis oficiais.

b) **Sanidade animal**, no que atinxe ao seguimento e control das patoloxías en moluscos bivalvos. Os resultados obtidos no INTECMAR son trasladados ao Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (MAPA) nas comunicacións semestrais, solicitadas segundo o Real Decreto 526/2014 e no informe epidemiolóxico anual da nosa Comunidade Autónoma. Esta información é incorporada ao informe epidemiolóxico español, que o Laboratorio Nacional de Referencia de Enfermidades de Moluscos Bivalvos presenta nas reunións anuais do Laboratorio Comunitario de Referencia no marco da Directiva 2006/88/CE.

c) **Observación do océano, a seguridade marítima e a loita contra a contaminación mariña accidental**, así como a prestación do apoio científico e técnico nas emerxencias marítimas, tal como establece o Decreto 155/2012, polo que se regula a estrutura e organización do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia.

INTECMAR resulta un centro clave para o marisqueo e a acuicultura, sectores produtivos nos que Galicia é líder entre todas as rexións europeas, e de capital importancia económica e social en toda a franxa costeira galega, onde en

numerosos concellos constitúen os únicos factores dinamizadores da economía local.

Sito en terreo público do Porto de Vilaxoán –Vilagarcía de Arousa- o INTECMAR herdou as competencias, o persoal e as instalacións do antigo Centro de Control do Medio Mariño (CCMM), inauguradas en 1992, complementándoas con diferentes ampliacións, a mais recente en 2009. Na actualidade conta con 3.600 m² de superficie útil.






O factor humano constitúe un elemento básico para a actividade do instituto, por iso o persoal do INTECMAR atópase debidamente cualificado e dispón da experiencia necesaria, para o desemprego das súas respectivas funcións, someténdose a unha formación adecuada e continua que lle permite incrementar a súa eficacia individual e colectiva.

O persoal que presta servizo no INTECMAR, 87 persoas na actualidade, réxese pola lexislación de aplicación, xa sexa persoal propio do INTECMAR (Laboral Fixo / Laboral Temporal) ou persoal da Xunta de Galicia (Funcionario de Carreira / Funcionario Interino; Laboral Fixo / Laboral Temporal).

A estrutura interna do INTECMAR está conformada pola Dirección; a Subdirección; a Xerencia, onde se inclúe a Administración e Recursos Humanos; e 13 unidades, das que 10 son analíticas e 3 teñen carácter transversal.




Para poder realizar os controis oficiais, en cumprimento do disposto no artigo 37 do Regulamento (UE) 2017/625, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo aos controis oficiais, o INTECMAR está acreditado segundo a norma UNE-EN ISO/IEC 17.025, "Requisitos xerais para a competencia dos laboratorios de ensaio e calibración", na que se recollen todas as condicións que debe cumprir un laboratorio de ensaio, para demostrar que posúe un sistema de xestión e que é tecnicamente competente e capaz de xerar resultados válidos. A Acreditación data de 2005, ao ratificarse a que xa gozaba o seu antecedente o CCMM dende 1999, ampliando o seu alcance en sucesivas datas: setembro de 2008, febreiro 2011, setembro 2012, decembro 2017, xaneiro 2019 e xullo 2020.

A Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) acredita ao INTECMAR para a realización das análises físico-químicas, microbiolóxicas, virolóxicas, patolóxicas e toxicolóxicas en moluscos bivalvos e outros produtos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura, segundo se recolle no correspondente anexo técnico, asignándolle o número 160/LE/394.

A vixencia da Acreditación avalíase sistematicamente mediante auditorías anuais.




Trala auditoría realizada por ENAC en xullo de 2020, a Comisión de Acreditación acordou manter e ampliar o alcance de acreditación do laboratorio. A ampliación do alcance da acreditación correspondeulle a Unidade de Biotoxinas, co procedemento para a análise de toxinas PSP mediante cromatografía líquida de ultra-alta eficacia con detector de fluorescencia (UHPLC-FLD). Método oficial AOAC 2005.06; a Unidade de Metais Pesados co procedemento para a determinación de metais por ICP-MS; e a Unidade de Organoclorados con dous procedementos, o de determinación de policlorobifenilos (PCBs) en mexillón por Cromatografía de Gases/Espectrometría de Masas en tándem, CG-MS/MS e o de determinación de pesticidas organoclorados en mexillón por Cromatografía de Gases/Espectrometría de Masas en tándem, CG-MS/MS.

# 2 Resume da actividade.

## 2.1 Análises realizadas

INTECMAR ten implantada unha serie de redes de control, para o seguimento das condicións oceanográficas, tanto físicas como químicas; o fitoplancto; as toxinas mariñas; os metais pesados; os compostos organoclorados; os hidrocarburos aromáticos policíclicos; a microbioloxía; e as enfermidades dos moluscos. Como resumo do inxente traballo analítico levado a cabo polo INTECMAR, a seguinte táboa reflexa o número de análises na última década desglosada por anos e polas diferentes áreas técnicas.

| | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Biotoxinas | 11.056 | 11.244 | 10.426 | 9.892 | 9.690 | 10.647 | 9.659 | 10.204 | 9.415 | 11.867 | 10.608 |
| Microbioloxía | 1.934 | 2.486 | 2.613 | 2.044 | 2.078 | 2.602 | 2.607 | 2.797 | 2.127 | 2.496 | 1.894 |
| Virus | - | 54 | 267 | 150 | 84 | 153 | 477 | 609 | 552 | 321 | 225 |
| Fitoplancto: cuantitativos | 2.300 | 2.231 | 2.462 | 2.850 | 2.838 | 2.847 | 2.864 | 2.872 | 2.947 | 2.960 | 2.066 |
| Fitoplancto: cualitativo | 4.643 | 4.983 | 5.102 | 5.397 | 5.549 | 5.649 | 5.858 | 5.698 | 5.373 | 5.236 | 4.845 |
| Fitoplancto: Pigmentos | 12.094 | 12.325 | 13.032 | 7.649 | 6.038 | 6.026 | 6.206 | 6.003 | 6.350 | 6.563 | 6.158 |
| Bioxeoquímica: Nutrientes | 37.064 | 38.193 | 40.823 | 37.407 | 37.042 | 37.967 | 37.042 | 36.580 | 38.804 | 38.728 | 37.099 |
| Bioxeoquímica: TOC | 1.889 | 3.371 | 3.478 | 3.133 | 3.044 | 3.265 | 4.002 | 4.195 | 4.586 | 4.617 | 4.397 |
| Hidrocarburos | 1.784 | 1.449 | 1.799 | 1.887 | 1.557 | 1.980 | 1.840 | 1.800 | 1.701 | 1.720 | 1.336 |
| Metais Pesados | 1.369 | 1.348 | 1.308 | 1.214 | 1.403 | 904 | 1.116 | 873 | 1.314 | 1.116 | 810 |
| Organoclorados | 2.752 | 2.309 | 2.256 | 1.853 | 2.264 | 2.361 | 2.424 | 2.245 | 2.352 | 2.448 | 2.328 |
| Patoloxía | 6.552 | 7.230 | 7.020 | 7.440 | 6.972 | 8.160 | 7.800 | 6.780 | 6.302 | 7.833 | 2.730 |
| TOTAL | **83.437** | **87.223** | **90.586** | **80.916** | **78.559** | **82.561** | **81.895** | **80.656** | **81.823** | **85.905** | **74.496** |

## 2.2 Informes e resolucións de seguridade alimentaria

O control técnico-sanitario da acuicultura e do marisqueo implica a autorización ou suspensión expresa das actividades produtivas por parte do INTECMAR, para o cal dende este organismo, se ditan as resolucións de prohibición de extracción ou autorización de extracción das distintas zonas de produción, a teor da súa situación.

A meirande parte destas resolucións están motivadas polos episodios tóxicos naturais, comunmente coñecidos como "mareas vermellas", pero tamén hai aperturas e peches de zonas en razón da súa situación microbiolóxica ou por algún episodio de contaminación química.

Tamén se emiten resolucións para determinar os cambios de clasificación microbiolóxica das zonas, cando as analíticas así o indican; para modificar os límites das zonas de produción; ou para autorizar ou prohibir a retirada de moluscos de zonas de reinstalación. O número de resolucións varía cada ano en función da incidencia dos episodios tóxicos.

A actividade marisqueira prodúcese en Galicia, segundo plans de explotación anuais, presentados polas distintas entidades sectoriais para as súas zonas respectivas, e validados pola Administración. Neses plans de explotacións faise constar, entre outras condicións, o calendario de actividades cos períodos de extracción previstos. Non obstante, cando unha entidade quere facer efectivo cada un deses períodos, debe solicitar autorización ás delegacións territoriais da Consellería do Mar, as que, antes de outorgala piden o preceptivo e vinculante informe do INTECMAR, para garantir a ausencia de problemas sanitarios.

Como resumo da relevancia administrativa derivada do traballo analítico levado a cabo polo INTECMAR, a seguinte táboa reflexa o número de resolucións e informes na última década desglosado por anos e polas diferentes tipos de actos administrativos.

| | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Resolucións | 187 | 360 | 362 | 449 | 489 | 521 | 512 | 324 | 371 | 325 | 466 |
| Informes Preliminares, Informes de Ensaio, Estado de Zonas, Plans de Mostraxe, Informes Unidades, Informes Previos a Extracción | 6.431 | 7.070 | 7.781 | 7.446 | 7.443 | 7.571 | 7.218 | 7.229 | 7.686 | 7.076 | 6.516 |

## 2.3 Control das condicións oceanográficas

O INTECMAR obtén os seus datos oceanográficos dunha rede de estacións de mostraxe clasificadas en tres tipos: Estacións oceanográficas, costeiras e automáticas. Estas redes abranguen toda a costa da Comunidade Autónoma de Galicia e compleméntanse coas estacións de Meteogalicia e radares de Puertos del Estado para conformar o Observatorio Costeiro de Galicia. Os datos rexistrados nas estacións, poden consultarse directamente na páxina web do INTECMAR http://www.intecmar.gal/informacion/fito/estacions/Default.aspx .

| | | |
|---|---|---|
| MOSTRAXES SEMANAIS | Ría Ares-Betanzos | 4 estacións |
| | Rías Baixas | 39 estacións |
| ESTACIÓNS EN CONTINUO | Boias ou plataformas océano-meteorolóxicas | Muros, Ribeira, Cortegada, Cíes, Rande, A Garda |
| | Radar HF | Prior, Vilán |

## 2.4 Comunicacións

Os resultados do traballo desenvolvido no Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia transmítense aos distintos departamentos da Administración relacionados, tanto coa pesca, o marisqueo e a acuicultura, como coa seguridade alimentaria; tamén se comunican ás entidades sectoriais do marisqueo e da acuicultura; e póñense á xeral disposición da sociedade.

A información que sobre o estado do medio mariño e as súas distintas zonas de produción de moluscos bivalvos se obtén no INTECMAR, pode ser consultada na páxina web do instituto, www.intecmar.gal, e é transmitida ás partes interesadas mediante correo electrónico.

Os Informes de Estado das Zonas permiten coñecer en que situación se atopan as Zonas de Produción de Moluscos Bivalvos na Comunidade Autónoma de Galicia, para cada unha das toxicidades lexisladas, así coma, a situación administrativa de cada unha delas. A seguinte táboa reflexa o volume de transmisións de información, os destinatarios e os medios empregados.

| | | |
|---|---|---|
| **Páxinas web**<br>- Información xeral completa | >7.000 usuarios únicos<br>>1.000.000 consultas / mes | |
| **Correo electrónico** | **Receptores** | **Envíos** |
| - Servizo de Aviso Rápido: envío das resolucións de peches/aperturas das zonas de produción | 541 | > 20.000 correos / mes |
| - Informes de recontos de fitoplancto | 103 | ~ 2000 / mes |
| - Informes de ensaio | 10 | ~ 250 / mes |

## 2.5 *Actividade desenvolvida durante o período de estado de alarma*

Dende que se declarou o estado de alarma o 14 de marzo, a actividade do INTECMAR concentrouse nas funcións esenciais de control técnico-sanitario dos produtos do mar (control das poboacións fitoplanctónicas, as biotoxinas mariñas e a contaminación microbiolóxica) para garantir a seguridade alimentaria e non por impedimentos ao abastecemento alimentario.

O número de traballadores que continuaron traballando en modo presencial nos laboratorios reduciuse ao mínimo imprescindible, quedando o resto nas súas casas realizando, cando era posible, teletraballo.

O estado de alarma durou 14 semanas, pero durante este período as proliferacións de algas tóxicas continuaron sucedéndose na costa de Galicia como en anos anteriores, tal e como se pode apreciar no seguinte gráfico, onde se indica o número de días pechados por mes en cada unha das rías de Galicia con produción de mexillón cultivado.

Durante o estado de alarma, o INTECMAR non deixou nunca de dar o servizo público que o caracteriza, realizando durante ese tempo un elevado número de análises e emitindo diferentes informes e actos administrativos, dos que dan conta os seguintes datos:

- Realización de 1.959 análises de biotoxinas mariñas;
- Realización de 1.592 análises de poboacións fitoplanctónicas tóxicas;
- Realización de 218 análises de contaminación microbiolóxica;
- Emisión de 111 Informes de Ensaio;
- Emisión de 182 Informes do Estado das Zonas de Produción;
- Emisión de134 Resolucións de aperturas ou peches en función dos resultados.

Na seguinte táboa amósase un resumo da actividade desenvolvida polo INTECMAR ao longo das 14 semanas que durou o estado de alarma.

| Inicio / fin | Mar 16/22 | Mar 23/29 | Mar/Abr 30/05 | Abr 06/12 | Abr 13/19 | Abr 20/26 | Abr/Mai 27/03 | Mai 04/10 | Mai 11/17 | Mai 18/24 | Mai 25/31 | Xuñ 01/07 | Xuñ 08/14 | Xuñ 15/21 | total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **RESOLUCIÓNS** | 5 | 2 | 4 | 4 | 13 | 10 | 5 | 18 | 18 | 12 | 13 | 8 | 11 | 11 | **134** |
| **INFORMES ENSAIO** | 11 | 5 | 5 | 4 | 8 | 7 | 7 | 7 | 8 | 8 | 12 | 10 | 8 | 11 | **111** |
| **ESTADO ZONAS** | 8 | 10 | 10 | 8 | 14 | 15 | 11 | 22 | 16 | 15 | 14 | 11 | 15 | 13 | **182** |
| **NÚMERO MOSTRAS** | 70 | 71 | 63 | 50 | 99 | 95 | 84 | 106 | 130 | 111 | 107 | 113 | 123 | 87 | **1.309** |
| **ANALISIS BIOTOXINAS** | 101 | 101 | 115 | 81 | 130 | 132 | 123 | 153 | 169 | 153 | 162 | 180 | 197 | 162 | **1.959** |
| **ANALISIS FITOPLANCTO** | 60 | 66 | 63 | 59 | 90 | 103 | 66 | 69 | 81 | 116 | 167 | 241 | 170 | 241 | **1.592** |
| **LISTADOS ESPECIES** | 46 | 43 | 43 | 43 | 43 | 44 | 43 | 33 | 55 | 53 | 59 | 46 | 59 | 59 | **669** |
| **ANALISIS MICROBIOLÓXICOS** | 5 | 0 | 2 | 0 | 2 | 0 | 2 | 0 | 44 | 30 | 39 | 34 | 32 | 28 | **218** |

Esta inxente actividade apreciase con maior claridade nos gráficos temporais que se amosan a continuación, onde se representan o períodos de Semana Santa e as 3 fases da desescalada, con distintos cores de fondo.






O INTECMAR mantivo durante todo o estado de alarma o control das zonas de produción de moluscos en cultivos suspendidos e de moluscos infaunais para permitir a actividade acuicultora e extractiva dos sectores mexilloeiro e marisqueiro, respectivamente.

A cantidade total de mexillón cultivado en Galicia introducidas no mercado durante este período foi de 35.021 t, mentres que a cantidade de molusco infaunal vendido nas lonxas galegas no mesmo período foi de 1.070 t.




* Moluscos infaunais, mais pectínidos e equinodermos.
FONTE: Documentos de rexistro confirmados. Servizo de Análise e de Rexistros da Consellería do Mar

## 2.6 Duración dos peches por biotoxinas das zonas de produción

**Días de peche por biotoxinas nas zonas de produción de moluscos bivalvos en cultivo suspendido nas rías de Ares-Betanzos, Camariñas, Muros-Noia e Arousa. Ano 2020.**

**(http://www.intecmar.gal/Informacion/biotoxinas/Evolucion/CierresBatea.aspx)**

| Polígono | Xan | Feb | Mar | Abr | Mai | Xun | Xull | Ago | Set | Out | Nov | Dec | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Sada 1 | | | | 16 | 31 | 19 | 2 | 22 | 30 | 30 | 5 | | 155 |
| Sada 2 | | | | 10 | 31 | 2 | | 18 | 30 | 15 | 3 | | 109 |
| | | | | | | | | | | | | | |
| Camariñas A | | | | 7 | 31 | 30 | 31 | 8 | 2 | 9 | | 9 | 127 |
| | | | | | | | | | | | | | |
| Muros B | | 15 | 14 | 18 | 29 | | | | 6 | 23 | 30 | 24 | 159 |
| Muros A | | 12 | 12 | 18 | 31 | 2 | | | 6 | 12 | 13 | 24 | 130 |
| Noia A | | 6 | 10 | 18 | 31 | 8 | | | 6 | 23 | 13 | 17 | 132 |
| Muros C | | 15 | 31 | 30 | 31 | 4 | | 7 | 9 | 31 | 20 | 31 | 209 |
| | | | | | | | | | | | | | |
| Ribeira B | | 11 | | 17 | 28 | | | | 7 | 6 | 25 | 12 | 106 |
| Ribeira C | | 13 | | 17 | 28 | | | | 13 | 16 | 27 | 10 | 124 |
| A Pobra H | | | | 17 | 15 | | | | 8 | 14 | 22 | | 76 |
| A Pobra G | | | | | 5 | | | | 6 | 6 | | | 17 |
| A Pobra A | | | | | 5 | | | | | | | | 5 |
| A Pobra B | | | | | 7 | | | | 7 | 8 | | | 22 |
| A Pobra C | | | | | 4 | | | | 8 | 8 | | | 20 |
| A Pobra D | | | | | 4 | | | | 7 | 14 | | | 25 |
| A Pobra E.1 | | | | | | | | | | | | | |
| A Pobra E.2 | | | | | 15 | | | | 9 | 6 | | | 30 |
| Vilagarcía A | | | | | | | | | 6 | 8 | | | 14 |
| Vilagarcia B1 | | | | | 4 | | | | 8 | 9 | | | 21 |
| Vilagarcia B2 | | | | | | | | | 5 | 9 | | | 14 |
| Cambados A2, E | | | | | | | | | 3 | 9 | | | 12 |
| Cambados A1 | | | | | 7 | | | | 9 | 10 | | | 26 |
| Cambados B | | | | 17 | 21 | | | | 10 | 10 | | 8 | 66 |
| Cambados C (Norte) | | 10 | | 17 | 16 | | | | 12 | 20 | 26 | 10 | 111 |
| Cambados C (Sur) | | 11 | | 17 | 16 | | | | 10 | 10 | 15 | 8 | 87 |
| Cambados D | | | | 2 | 4 | | | | | | 4 | | 10 |
| Cambados D (Ostra) | | | | | | | | | | | | | |
| Grove A | | 10 | | 6 | 4 | | | | 5 | 2 | 9 | 10 | 46 |
| Grove A (Ostra) | | | | | | | | | | | | | |
| Grove B (Ostra) | 31 | 29 | 31 | 30 | 31 | 30 | 31 | 31 | 30 | 31 | 30 | 31 | 366 |
| Grove C1 | | 18 | | 18 | 22 | | | | 12 | 20 | 20 | 8 | 118 |
| Grove C2 | | 18 | | 18 | 28 | | | 8 | 20 | 23 | 28 | 24 | 167 |
| Grove C3 | | 20 | | 18 | 28 | | | | 10 | 24 | 25 | 12 | 137 |
| Grove C4 | | 18 | 3 | 18 | 28 | | | 8 | 22 | 27 | 28 | 24 | 176 |

**Días de peche por biotoxinas nas zonas de produción de moluscos bivalvos en cultivo suspendido nas rías de Pontevedra e Vigo. Ano 2020.**
**(http://www.intecmar.gal/Informacion/biotoxinas/Evolucion/CierresBatea.aspx)**

| Polígono | Xan | Feb | Mar | Abr | Mai | Xun | Xull | Ago | Set | Out | Nov | Dec | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Cangas A | | 12 | 13 | 25 | 31 | 30 | 23 | | 27 | 31 | 30 | 31 | 253 |
| Cangas B | | 24 | 19 | 25 | 31 | 30 | 18 | 8 | 30 | 31 | 30 | 31 | 277 |
| Bueu B | | 25 | 31 | 25 | 31 | 30 | 23 | 14 | 30 | 31 | 30 | 31 | 301 |
| Bueu A2 | | 26 | 29 | 29 | 31 | 30 | 17 | 14 | 30 | 31 | 30 | 31 | 298 |
| Bueu A1 | | 26 | 31 | 30 | 31 | 30 | 14 | 14 | 30 | 31 | 30 | 31 | 298 |
| Portonovo A | | 25 | 21 | 18 | 31 | 28 | 10 | 8 | 17 | 31 | 30 | 31 | 250 |
| Portonovo B | | 27 | 21 | 18 | 31 | 28 | 10 | 11 | 23 | 31 | 30 | 31 | 261 |
| Portonovo C | | 25 | 31 | 18 | 31 | 28 | 8 | 11 | 30 | 30 | 29 | 31 | 272 |
| | | | | | | | | | | | | | |
| Cangas F | | 19 | 24 | 24 | 31 | 3 | | 28 | 30 | 25 | 30 | 24 | 238 |
| Cangas G | | 19 | 24 | 24 | 31 | 9 | | 14 | 30 | 17 | 30 | 31 | 229 |
| Cangas H | | 20 | 17 | 24 | 28 | | | 13 | 16 | 17 | 30 | 17 | 182 |
| Cangas C | | 20 | 14 | 16 | 19 | | | | 15 | 22 | 30 | 17 | 153 |
| Cangas D | | 26 | 13 | 16 | 19 | | | | 15 | 22 | 30 | 17 | 158 |
| Cangas E | | 19 | 7 | 4 | 15 | | | | 14 | 14 | 30 | 10 | 113 |
| Redondela A | | 20 | 3 | | 15 | | | | 13 | 19 | 29 | 12 | 111 |
| Redondela A (Ostra) | | | | | 27 | 30 | 31 | 31 | 30 | 31 | 30 | 31 | 241 |
| Redondela B | | | | | 8 | | | | | | 6 | 5 | 19 |
| Redondela C | | | | | 8 | | | | | | | | 8 |
| Redondela D | | 9 | 3 | | 11 | | | | 6 | 6 | 24 | 9 | 68 |
| Redondela E | | | | | 11 | | | | 12 | 7 | 29 | 10 | 69 |
| Vigo A | | 23 | 12 | 18 | 22 | | | | 17 | 22 | 30 | 17 | 161 |
| | | | | | | | | | | | | | |
| Baiona A | 22 | 17 | 31 | 30 | 31 | 30 | 31 | 15 | 29 | 8 | 26 | 31 | 301 |



**Períodos de prohibición da extracción por biotoxinas nas zonas de produción de moluscos bivalvos en cultivo suspendido da costa galega. Ano 2020. (http://www.intecmar.gal/PDFs/EvolToxinas/Diagrama/VFlotantes/GaDiagrama_2020.pdf)**



**Promedio mensual dos días de peche por biotoxinas nas zonas de produción de moluscos bivalvos en cultivo suspendido da costa galega. Ano 2020.**






**Días de peche por biotoxinas nas zonas de produción de moluscos bivalvos infaunais dende Ribadeo ata a ría de Arousa. Ano 2020.**
(http://www.intecmar.gal/Informacion/biotoxinas/Evolucion/CierresInfaunais.aspx)

| Zona | Xan | Feb | Mar | Abr | Mai | Xun | Xull | Ago | Set | Out | Nov | Dec | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Ribadeo | | | | | 22 | | | | | | | | 22 |
| Foz | | | | | | 10 | | | | | | | 10 |
| Viveiro-Celeiro | | | | | | | | | | | | | |
| Vicedo-Barqueiro | | | | | 23 | | | | | | | | 23 |
| Cariño-Ortigueira | | | | | 5 | 19 | | | | | | | 24 |
| Cedeira | | | | | 22 | 25 | 15 | | | | | | 62 |
| Ferrol | | | | | | | | | | | | | |
| Ferrol II | | | | 8 | 15 | | | 4 | 1 | 4 | 6 | | 38 |
| Ares I | | | | 9 | 27 | | | | | | | | 36 |
| Ares II | | | | 9 | 24 | | | | | | | | 33 |
| O Burgo-Coruña | | | | 10 | 21 | 6 | 1 | 13 | 23 | 7 | | | 81 |
| Baldaio | | | | | | | | | 8 | 1 | | | 9 |
| Corme-Laxe | | | | | 16 | | | | | | | | 16 |
| Camariñas | | | | | 15 | | | | | 12 | 4 | | 31 |
| Corcubión-Fisterra | | | | | | | | | | | | | |
| Fisterra | | | | | | | | | | | | | |
| Muros I | | | | 16 | | 4 | | | | 6 | 8 | 30 | 64 |
| Muros II | | 6 | 5 | 17 | 23 | 4 | | | 3 | 4 | 8 | 3 | 73 |
| Muros III | | 6 | 9 | 17 | 22 | 4 | | | | 4 | 8 | 3 | 73 |
| Arousa I | | | | | | | | | | | | | |
| Arousa II | | | | | | | | | | | | | |
| Arousa III | | | | | | | | | | | | | |
| Arousa IV | | | | | | | | | | | | | |
| Arousa V | | | | | | | | | | | | | |
| Arousa VI | | | | | | | | | | | | | |
| Arousa VII | | | | | | | | | | | | | |

## Días de peche por biotoxinas nas zonas de produción de moluscos bivalvos infaunais nas rías de Pontevedra e Vigo. Ano 2020.

(http://www.intecmar.gal/Informacion/biotoxinas/Evolucion/CierresInfaunais.aspx)

| Zona | Xan | Feb | Mar | Abr | Mai | Xun | Xull | Ago | Set | Out | Nov | Dec | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Pontevedra I | | | | | | | | | | | | | |
| Pontevedra II | | | | | | | | | 1 | 6 | | | 7 |
| Pontevedra III | | | | | 16 | 1 | 10 | | 6 | | | | 33 |
| Pontevedra IV | | 2 | 4 | | 2 | 8 | | | 8 | 10 | | | 34 |
| Pontevedra V | | 8 | 5 | | 2 | 30 | 18 | | 8 | 10 | | 4 | 85 |
| | | | | | | | | | | | | | |
| Vigo I | | | | | | | | | | | | | |
| Vigo II.1 (infaunais) | | 4 | 11 | | | | | | | | | | 15 |
| Vigo II.2 (infaunais) | | | | | | | | | | | | | |
| Vigo III | | | | | | | | | | | | | |
| Vigo IV.1 | | | | | 12 | 29 | 22 | | | | | | 63 |
| Vigo IV.2 | | | | | | | | | | | | | |



**Períodos de prohibición da extracción por biotoxinas nas zonas de produción de moluscos bivalvos infaunais da costa galega. Ano 2020.**
**(http://www.intecmar.gal/PDFs/EvolToxinas/Diagrama/Infaunais/GaDiagrama_2020.pdf)**



**Promedio mensual dos días de peche por biotoxinas nas zonas de produción de moluscos bivalvos infaunais da costa galega. Ano 2020.**






## 2.7 Cambios na clasificación microbiolóxica das zonas durante o ano.

| | MELLORAN | EMPEORAN |
|---|---|---|
| ZONAS DE PRODUCIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS EN CULTIVOS SUSPENDIDOS | 5 | 1 |
| NÚMERO TOTAL DE BATEAS AFECTADAS | 265 | 174 |
| ZONAS DE PRODUCIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS INFAUNAIS | 0 | 0 |
| NÚMERO TOTAL DE BANCOS MARISQUEIROS AFECTADOS | 0 | 0 |
| SUPERFICIE PRODUCTIVA (km2) | 0 | 0 |



## 2.8 Control da Depuración de Moluscos nas zonas de Reinstalación

| Zona de reinstalación | Cofradías | Especies | Kg | Nº Resoluciones | Nº Análisis |
|---|---|---|---|---|---|
| R-GAL 28/01 RÍA DE ALDÁN | | | | | |
| R-GAL 03/03 RÍA DE FERROL | Ferrol<br>Barallobre<br>Corcubión<br>Miño | A. babosa<br>A. fina<br>A. japónica<br>Berberecho<br>Carneiro | 6.956,75 | 39 | 39 NMP<br>101 impedancia<br>21 toxinas |
| **GLOBAL** | **4 cofradías** | **5 especies** | **6.956,75 Kg** | **39 resoluciones** | **161 análisis** |

El polígono Cangas A estuvo afectado por cierres de toxinas durante 253 días, distribuidos de febrero a diciembre, excepto agosto.
Durante los meses de julio, agosto y septiembre no se trabajó en las zonas de reinstalación.



| Resumen 2012 - 2020 |
|---|

| 10 cofradías | 8 especies | 703.009,43 Kg | 577 resoluciones | 2.233 análisis |
|---|---|---|---|---|






## 2.9 Estudos Sanitarios

**Táboa cos estudos sanitarios realizados ata a actualidade na costa de Galicia.**

| | Zona de produción | GAL | Mes | Ano |
|---|---|---|---|---|
| 1 | RIA DO BURGO | GAL 05 | Marzo | 2011 |
| 2 | PORTIÑO MORAS | | Agosto | 2011 |
| 3 | RÍA DE ALDÁN | GAL 10/03-04-05 | Outubro | 2011 |
| 4 | RÍA DE FERROL | GAL 03 | Outubro | 2011 |
| 5 | RÍA DE VIGO | GAL 11 | Setembro | 2012 |
| 6 | ENSEADA DE BAIONA | GAL 11/07 | Decembro | 2012 |
| 7 | RÍA DE CORCUBIÓN | GAL 07 | Marzo | 2014 |
| 8 | RÍA DE ARES-BETANZOS | GAL 04 | Xuño | 2014 |
| 9 | BATEAS DE ALDÁN | GAL 28/01 e GAL 28/02 | Xullo | 2014 |
| 10 | RÍA DE MUROS | GAL 08 | Decembro | 2015 |
| 11 | RÍA DE PONTEVEDRA | GAL 10 | Decembro | 2015 |
| 12 | RÍA DE AROUSA | GAL 09 | Agosto | 2017 |
| 13 | COSTA DA MORTE | GAL 06 | Decembro | 2018 |
| 14 | ENTRE RIBADEO E ESTACA | GAL 01 | en elaboración | |



## 2.10 Plans de Continxencias por contaminación mariña accidental

En aplicación do Real Decreto 1695/2012, do 21 de decembro (Art. 4.3), Galicia conta cunha ferramenta fundamental para a loita contra a contaminación mariña accidental, o Plan Camgal recollida no Decreto 135/2016, do 6 de outubro, polo que se regulan a estrutura e a organización do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia. O Plan Camgal atópase en continua revisión e posta en práctica mediante exercicios periódicos, aspectos nos que a Unidade de Documentación e Apoio Científico do INTECMAR, no seu papel de Unidade de apoio do Plan Camgal, colabora e promove no seu labor de colaboración coa dirección do Plan.

Neste marco normativo implícase tamén aos 81 concellos litorais galegos na loita contra a contaminación mariña accidental co fin de minimizar os seus efectos negativos sobre os recursos socioeconómicos e ambientais. Conforme ao artigo 26 do Decreto 135/2016, estes concellos deben remitir á consellería competente na materia de loita contra a contaminación mariña accidental un plan local, segundo os criterios descritos para os plans locais no Sistema nacional de resposta, así como calquera outro que se defina como tal na normativa estatal referente na materia. A Unidade de Documentación e Apoio Científico do INTECMAR, colabora na revisión destes plans e na elaboración do informe por parte da dirección do Plan Camgal así como no proceso de elevación á Comisión Galega de Protección Civil para a súa homologación.

Así mesmo, conforme ao artigo 27 do Decreto 135/2016, as instalacións industriais situadas no ámbito costeiro da Comunidade Autónoma de Galicia deben remitir á consellería competente na materia de loita contra a contaminación mariña accidental un plan interior marítimo, segundo os criterios descritos no Sistema nacional de resposta, así como calquera outro que se defina como tal na normativa estatal referente na materia. A Unidade de Documentación e Apoio Científico do INTECMAR, colabora tamén na revisión destes plans e na elaboración do informe por parte da dirección do Plan Camgal.

Ao longo do ano 2020 o Plan Camgal, activouse 7 veces. A Unidade de Modelado Oceanográfico do INTECMAR, como responsable da Unidade de Observación Próxima do Plan Camgal, participou no seguimento e predición da deriva do vertido en 5 continxencias durante os días que foron requiridas pola dirección do Plan Camgal. A maiores fixéronse predicións de deriva en 4 dos 10 exercicios de simulación de accidentes nos que se participou durante o ano.

## 2.11 Visitas

INTECMAR constitúe un referente a nivel mundial como centro de control e seguimento das zonas de produción de moluscos bivalvos. Moitas persoas de

perfil técnico, científico e responsables das administracións de diferentes países visitan cada ano o instituto. No ano 2020 suspendéronse as visitas presenciais ao centro, cumprindo co protocolo de actuación establecido no Intecmar como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus (COVID-19). Non obstante, no mes de decembro levouse a cabo unha visita virtual cos alumnos do grao en Nutrición Humana da Facultade de Ciencias de Lugo da Universidade de Santiago.

| | (2009-2020) | 2009 | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Visitas** | **209** | 18 | 18 | 22 | 21 | 22 | 22 | 18 | 19 | 18 | 19 | 11 | 1 |
| **Persoas** | **2.113** | 172 | 119 | 298 | 163 | 133 | 185 | 172 | 111 | 201 | 418 | 134 | 7 |
| **Países** | **38** | 14 | 7 | 8 | 7 | 9 | 9 | 7 | 8 | 9 | 5 | 4 | 1 |

A figura do mapamundi indica os países de orixe das visitas recibidas no INTECMAR dende o ano 2009. A intensidade do cor vermello está relacionada co número de persoas atendidas.



## 2.12 Persoal en formación

Cumprindo co protocolo de actuación establecido no Intecmar como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus (COVID-19) durante o ano 2020 non se realizaron prácticas presenciais de alumnos, anulándose todas as que estaban programadas. As únicas prácticas que se puideron realizar foron telemáticas. Baixo esta modalidade, dous estudantes de máster da Facultade de Física da Universidade de Santiago levaron a cabo as prácticas académicas externas na Unidade de Modelado Oceanográfico.

| **Número de alumnos en prácticas por ano** | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Unidade** | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 |
| BIOTOXINAS | 2 | 1 | 1 | 1 | | | |
| BIOXEOQUIMICA MARIÑA | | 2 | 1 | 2 | | | |
| DOCUMENTACION E APOIO CIENTICO | | | | | | 1 | |
| HIDROCARBUROS | | | | 1 | 1 | | |
| MICROBIOLOXÍA | | | | 1 | | | |
| MODELADO OCEANOGRAFICO | | | | | | 1 | 2 |
| OCEANOGRAFIA E FITOPLACTO | | 2 | 1 | 1 | 1 | | |
| ORGANOCLORADOS | | | 1 | | 3 | 1 | |
| PATOLOXIA | 1 | 2 | 2 | | 1 | | |

# 3 Proxectos de investigación.

No INTECMAR partícípase activamente en diferentes proxectos de investigación con temáticas compatibles cos obxectivos da institución. Doce proxectos de investigación estiveron en vigor ao longo do ano.

| LOGO | ACRÓNIMO | FONDOS | TÍTULO | PERÍODO | WEB |
|---|---|---|---|---|---|
| | ARIOS (Mineco) | | Acidificación en las rías y plataforma oceánica ibérica: observación, seguimiento y modelado. | 2016-2020 | |
| MARRISK | MarRISK (INTERREG V POCTEP) | | Adaptación costera ante el cambio climático de las zonas litorales de Galicia y Norte de Portugal. | 2017-2020 | http://www.poctep.eu/es/2014-2020/marrisk www.marnaraia.org |
| ALERTOXNET ATLANTIC AREA NETWORK FOR INNOVATIVE TOXICITY ALERT SYSTEMS FOR SAFER SEAFOOD PRODUCTS | ALERTOXNET (Espacio Atlántico) | | Introducción de sistemas novedosos de alertas tóxicas para lograr productos más seguros. | 2017-2020 | https://www.alertox-net.eu/ |
| MyCoast | MyCOAST (Espacio Atlántico) | | Observatorio Oceanográfico Operacional Coordinado de la Costa Atlántica. | 2017-2020 | http://mycoast-project.org/ |
| Clean Atlantic | CleanAtlantic (Espacio Atlántico) | | Lucha contra la Basura Marina en el Área Atlántica. | 2017-2020 | http://www.cleanatlantic.eu/es/ |
| cockles | COCKLES (Espacio Atlántico) | | Co-operación para Recuperar los Bancos de Berberecho y los Servicios de Ecosistema que este Recurso Proporciona en el Área Atlántica. | 2017-2020 | https://twitter.com/cockles_project?lang=en |
| | MADETOX (Acción de Investigación) | | Desarrollo y optimización de métodos de determinación de toxinas PSP y lipofílicas, en moluscos bivalvos para maximizar el flujo de trabajo. | 2017-2020 | |
| | AQUASOME (Mineco) | | Evaluación del Exposoma de Contaminantes Emergentes en Ambientes Acuáticos. | 2018-2020 | |
| RADAR ON RAIA | Radar ON RAIA (INTERREG V POCTEP) | | Radares no Observatorio do Norte RAIA | 2018-2021 | http://radaronraia.eu |
| norwater | NOR-WATER (INTERREG V POCTEP) | | Contaminantes emerxentes nas augas de Galicia-Norte de Portugal: novas ferramentas para a xestión do risco. | 2018-2021 | https://www.facebook.com/proyectonorwater/ |
| | BIO-MYA (Acción de Investigación) | | Estudo dos aspectos básicos da bioloxía de *Mya arenaria* na ría de Arousa | 2019-2021 | |
| | PROAMRUBIA (Acción de Investigación) | | Protocolo de seguimento de bancos de ameixa rubia (*Venerupis rhomboides* ) na ría de Vigo | 2019-2021 | |



# 4 Recursos económicos.

O orzamento inicial de gastos do INTECMAR para 2020, ascendeu a 3.670.867 €, deslousados segundo se desprende da Lei 2/2018, de 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, da seguinte maneira:

- Gastos de explotación (Capítulos I y II): 2.957.895 €
- Gastos de capital (Capítulos VI): 712.972 €

Na citada Lei, e como parte do orzamento de ingresos do INTECMAR, menciónanse as transferencias de fondos propios que a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ten destinadas ao INTECMAR, por importe de 2.863.437 €.

O resto de ingresos previstos procedían da recadación de taxas por servizos prestados e de financiación europea correspondente a participación en diversos proxectos de investigación.

Ao longo do exercicio elévanse para a súa aprobación en distintas reunións do Consello de Administración, varias modificacións orzamentarias, que na súa totalidade supuxeron un incremento neto no crédito de 54.260 €, das que resulta un crédito definitivo de 3.725.127 €.

# 5 Recursos humanos.

O persoal que presta servizo no INTECMAR, arredor de 85 persoas, réxese pola lexislación de aplicación, xa sexa persoal propio do INTECMAR (Laboral Fixo / Laboral Temporal) ou persoal da Xunta de Galicia (Funcionario de Carreira / Funcionario Interino; Laboral Fixo / Laboral Temporal).

Durante este ano houbo 2 contratos de persoal titulado superior para tarefas vinculadas a proxectos de investigación. No mes de febreiro se formalizaron o contratos laborais para cubrir de xeito temporal os postos vacantes creados no ano 2019 no Cadro de Persoal do INTECMAR, coa categoría de analista de laboratorio.

## 5.1 Relación do persoal por Unidades

### *Dirección*

| | |
|---|---|
| COVADONGA SALGADO BLANCO | Directora |
| JOSÉ MOLARES VILA | Subdirector |
| SAGRARIO CASTRO VIDAL | Xerente |
| Mº DEL CARMEN CAMBADOS MÁRQUEZ | Secretaria |
| CARMEN JAMARDO RODRÍGUEZ | Secretaria |
| SANTIAGO ANDRÉS DÍAZ | Conductor |

### *Administración*

| | |
|---|---|
| PURIFICACIÓN CAAMAÑO CRESPO | Auxiliar administrativo |
| ARGIMIRA CASTRO VIAÑO | Auxiliar administrativo |
| SALVADOR LAGO CORDO | Auxiliar administrativo |
| JOSÉ LUIS ALONSO LOJO | Subalterno |

### *Integración de equipos analíticos e apoio aos laboratorios*

| | |
|---|---|
| Mª DOLORES ABAL PARADA | Técnico informático |
| ALBERTO GÓMEZ MELLA | Técnico informático |
| JESÚS ADOLFO MOURIÑO REBOREDO | Técnico informático |
| JUAN JOSÉ PÉREZ QUEIRO | Técnico informático |

### *Xestión da calidade*

| | |
|---|---|
| MAGDALENA BERMÚDEZ DE LA PUENTE GONZÁLEZ DEL VALLE | Xefe de Unidade |
| CÁNDIDA LÓPEZ FOLGAR | Auxiliar administrativo |

### *Mostraxe e Ecofisioloxía*

| | |
|---|---|
| JOSÉ LUIS PÉREZ BELLO | Xefe de Unidade |
| DIGNA ALLARIZ SUÁREZ | Analista |
| FRANCISCO CARRERA RODRÍGUEZ | Analista |
| Mª JOSÉ CRESPO HERMIDA | Analista |
| VÍCTOR GARCÍA MARTÍNEZ | Analista |
| PABLO FERNÁNDEZ VILA | Analista |
| Mª VICTORIA GONZÁLEZ LÓPEZ | Analista |
| ESTHER DÍAZ BARCIA | Auxiliar laboratorio |
| ROCÍO RODRÍGUEZ FONTÁN | Auxiliar laboratorio |

***Biotoxinas***

| | |
|---|---|
| FABIOLA ARÉVALO BARTOLOMÉ | Xefe de Unidade |
| JORGE CORREA JORGE | Xefe de Unidade |
| ÁNGELES MOROÑO MARIÑO | Xefe de Unidade |
| JUAN PABLO LAMAS CASTRO | Titulado superior |
| TAMARA RODRÍGUEZ CABO | Titulado superior |
| CRISTINA COSTOYA PRADO | Analista |
| ROSANA FRAGA VEGA | Analista |
| Mª DEL CARMEN HERMIDA PAZ | Analista |
| FRANCISCA MIRAZ VÁZQUEZ | Analista |
| ELENA MOMBOISSE MENÉNDEZ | Analista |
| SUSANA MUÑIZ ROMERO | Analista |
| ÁNGEL MANUEL RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ | Analista |
| OLGA BELLO FILGUEIRA | Auxiliar laboratorio |
| Mª DOLORES CABANA FREIRE | Auxiliar laboratorio |
| JUAN MANUEL GALLARDO FERNÁNDEZ | Auxiliar laboratorio |
| EVA Mª GUERRERO MACEIRAS | Auxiliar laboratorio |
| ÁNGELA RODRÍGUEZ BUENO | Auxiliar laboratorio |
| IRENE TARRIO PÉREZ | Auxiliar laboratorio |

***Oceanografía e Fitoplancto***

| | |
|---|---|
| SILVIA CALVO MARTA | Xefe de Unidade |
| YOLANDA PAZOS GONZÁLEZ | Xefe de Unidade |
| FLORENTINA AMOEDO FERNÁNDEZ | Analista |
| Mª PILAR GARCÍA NOVAS | Analista |
| Mª ISABEL LEMOS ESPERÓN | Analista |
| MELCHOR PÉREZ LASPRA | Analista |
| SILVIA ROURA RODRÍGUEZ | Analista |
| ADRIANA BERTOLO GIL | Auxiliar laboratorio |

***Bioxeoquímica Mariña***

| | |
|---|---|
| Mª DOLORES DOVAL GONZÁLEZ | Xefe de Unidade |
| ADELA ASCENSIÓN LÓPEZ GÓMEZ | Analista |
| MILAGROS MADRIÑÁN MÉNDEZ | Analista |
| YOLANDA GARCÍA FERRERO | Auxiliar laboratorio |

***Metais Pesados***

| | |
|---|---|
| YOLANDA SAAVEDRA YÁÑEZ | Xefe de Unidade |
| Mª TERESA GARCÍA PORTABALES | Analista |
| VICENTE LUIS GÓMEZ VALLADARES | Analista |
| CELIA DÍAZ BARCIA | Auxiliar laboratorio |

***Organoclorados***

| | |
|---|---|
| NIEVES CARRO MARIÑO | Xefe de Unidade |
| Mª ISABEL GARCÍA RIVEIRA | Analista |
| Mª DEL CARMEN IGNACIO QUINTEIRO | Analista |
| ANA MARÍA MOUTEIRA LAFUENTE | Analista |
| Mª TERESA LOSADA ÁLVAREZ | Auxiliar laboratorio |

***Hidrocarburos***

| | |
|---|---|
| JULIO CESAR COBAS SAENZ | Xefe de Unidade |
| MERCEDES MIRANDA BAMIO | Analista |
| LAURA PICADO LÓPEZ | Analista |

***Microbioloxía e Viroloxía***

| | |
|---|---|
| CRISTINA ÁLVAREZ ÁLVAREZ | Xefe de Unidade |
| ANA CARRERA RODRÍGUEZ | Analista |
| ÁNGELES IGLESIAS BELLÓN | Analista |
| ÁGUEDA B. IGLESIAS FERNÁNDEZ | Analista |
| Mª TERESA PAZ LÓPEZ | Analista |
| Mª DOLORES PÉREZ MALDE | Analista |
| ISABEL SERANTES GRANDE | Analista |
| BEATRIZ CAMESELLE ESPAÑA | Auxiliar laboratorio |
| CARMEN SOLIÑO BAMIO | Auxiliar laboratorio |

***Patoloxía***

| | |
|---|---|
| SUSANA DARRIBA COUÑAGO | Xefe de Unidade |
| Mª BELÉN ALONSO FARIÑA | Analista |
| VICTORIA ÁLVAREZ BUENO | Analista |
| JUANA MARCHENA MARTÍNEZ | Analista |
| MARTA PAZ MÁRQUEZ | Analista |
| Mª DOLORES AMO DOCE | Auxiliar laboratorio |

***Modelado Oceanográfico***

| | |
|---|---|
| PEDRO MONTERO VILLAR | Xefe de Unidade |
| SILVIA ALLEN-PERKÍNS CÁCERES | Titulado superior |

***Documentación e Apoio Científico***

| | |
|---|---|
| MIREN GARBIÑE AYENSA AGUIRRE | Xefe de Unidade |
| BEGOÑA VILA TABOADA | Titulado superior |
| Mª LORETO RODRÍGUEZ RUIBAL | Técnico informático |

## 5.2 Contratación de persoal temporal

Durante o ano formalizáronse 12 contratacións de persoal auxiliar de laboratorio e 4 analistas, por un tempo global de 1.054 días.

